

MEMORIA DO EXERCICIO 2015

AUDITORIO DE GALICIA

1. Organización e actividade

1.1. Identificación da Entidade

Situada na cidade de Santiago de Compostela na Avda. Burgo das Nacións, s/n – 15705. Santiago de Compostela é a capital de Galicia, a sede da arquidiocese, do distrito universitario e do partido xudicial homónimos, ademais de constituír un dos principais centros culturais do país.

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de 1990, acordou aprobar definitivamente os Estatutos do Organismo Autónomo “Auditorio de Galicia”.

Polo Concello de Santiago de Compostela, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 85 da LBRL, créase e constitúese un organismo autónomo local de carácter administrativo con personalidade xurídica e patrimonio especial, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis la LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

O organismo autónomo Auditorio de Galicia que se rexe polo Dereito Administrativo quedará adscrito á Concellaría de Cultura.

1.2. Actividade do organismo autónomo

O obxecto deste organismo é a elaboración, deseño e execución dos programas de actividades culturais de maior magnitude no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións, así como todas aquelas que lle encomende o Concello de Santiago.

O Pleno do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, acordou encomendar ao Auditorio de Galicia a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

1.3. Estrutura organizativa

A representación, goberno e administración do organismo autónomo local, baixo a alta inspección e tutela do Excmo. Concello de Santiago de Compostela encoméndase á:

- O Consello Reitor
- Comisión executiva
- Presidente do Consello Reitor

- Director- xerente

Ao Consello Reitor, como máximo órgano de dirección, correspóndelle elaborar as directrices de actuación do organismo autónomo e velar polo seu cumprimento, así como o resto das competencias que se recollen no articulado dos Estatutos do Auditorio de Galicia. O Consello Reitor en Pleno será nomeado polo pleno da Excm. Corporación Municipal e está integrado polo Alcalde da Corporación como Presidente do Consello Reitor, a concelleira de acción cultural, de Compostela Aberta, dous concelleiros do PP, un do PSdeG-PSOE e un do BNG, dúas persoas de recoñecido prestixio cultural e o Director-xerente.

A Comisión executiva está integrada polo Presidente, un concelleiro nomeado por aquel e o Director- xerente.

O Director- xerente ten a consideración de órgano directivo e as competencias do mesmo son, entre outras, promover a execución dos plans de actuación do Auditorio así como dos convenios de colaboración no seu caso, desempeñar a dirección das actividades e servizos do organismo, dispoñer os gastos e ordenar os pagos,...e todas aquelas que se consideren necesarias para o desenvolvemento necesario das funcións encomendadas.

O número medio de persoal contratado no exercicio 2015 é de 17 empregados laborais e o Director- xerente como persoal directivo.

1.4. Fontes de financiamento

As principais fontes de financiamento da entidade, segundos os datos da contabilidade do exercicio 2015 son:

Ingresos ordinarios

• Taxas e outros ingresos	25,24%
• Transferencias doutras administracións	74,76%
• Ingresos patrimoniais	0,00%
• Activos financeiros	0,00%

Con respecto a consideracións fiscais a ter en conta que afectan á xestión da entidade, o IVE se considera deducible aplicándose o 15% de prorrata xeral.

O sistema contable é o adaptado á Instrución de Contabilidade para a Administración Local (ICAL) no modelo normal.